




XUNTA
DE GALICIA



**XORNADA
DE BENVIDA**
para docentes de nova incorporación

A DOCENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Manuel Vila López
Secretario Xeral Técnico



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade, equidade e inclusión



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



CENTROS



1.053 centros educativos públicos de Réxime Xeral, no **93% dos concellos galegos** con alumnado en idade de escolarización obrigatoria hai un centro educativo.



Tan **só o 0,3% do alumnado de 3 a 11 anos non ten centro no seu concello de residencia**. A media estatal é do 1,2% e CCAA con dinámica demográfica semellante á galega, como Castela e León teñen un 9%.



O **50% dos centros** de Ed. Infantil/Primaria están en **entidades rurais**.



Antigüidade media dos edificios ronda os **40 anos**.

1.053

CENTROS EDUCATIVOS



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



ALUMNADO



+377.000 alumnos/as en réxime xeral, case **280.000 alumnos/as** en centros públicos.



2 de cada 10 alumnos/as en centros **rurais**



Galicia representa o **4,9% da poboación escolar de España**.

+377.000

ALUMNOS/AS RÉXIME XERAL

±280.000

ALUMNOS/AS CENTROS PÚBLICOS



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión


DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



ALUMNADO



91,3% de alumnado con NEE en centros ordinarios (media estatal 84,2%)





SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



PERSOAL

**XORNADA
DE BENVIDA**
para docentes de nova incorporación

+31.000
DOCENTES ENSINO PÚBLICO




+ de 31.000 docentes no ensino público



2ª mellor media de alumnado por profesor/a de España-> 9,8 (en centros públicos 8,9)

E8.2. Gráfico 1. Número medio de alumnos por profesor en equivalente a tiempo completo en centros de Enseñanzas de Régimen General no universitarias según comunidad autónoma y titularidad del centro. Curso 2021-22





SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



PERSOAL



Número medio de alumnado por grupo **dos máis baixos do estado**.



70% das aulas teñen 20 ou menos alumnos/as. O 30% delas teñen 10 alumnos/as ou menos.



2 de cada 10 docentes son **especialistas en atención á diversidade**

70%

20 OU MENOS ALUMNOS/AS



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

**XORNADA
DE BENVIDA**
para docentes de nova incorporación




120M€ inversión en **transporte** escolar e **55M€** en **comedor** escolar




Galicia é a CCAA con máis alumnado que fai uso do transporte escolar – aprox. **81.000 alumnos/as**:

PRIMARIA



SECUNDARIA



674 comedores escolares en centros público que dan servizo a aprox. **77.000 usuarios/as**. O 87% do alumnado en comedores xestionados pola Consellería recibe servizo gratuíto ou a 1€



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)




INVERSIÓN POR ALUMNO/A

» 8.045€ por alumno/a en centros públicos.

» A media nacional é de 7.043€

F2. Gráfico 2. Gasto público por alumno en centros públicos. Enseñanza no universitaria (en euros)



8.045€

POR ALUMNO/A EN CENTROS PÚBLICOS



SISTEMA EDUCATIVO
EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE
CONTEXTO
(CURSO 2024/25)



RESULTADOS



Abandono escolar temperá: **9,1%** (en 2009 era do 25,8%), **media estatal do 13,7%.**

	AMBOS SEXOS	
	2023	2009
Navarra	6,47	18,74
País Vasco	6,66	16,59
Cantabria	7,28	24,23
Galicia	9,06	25,83
Rioxa	9,67	31,94
Extremadura	9,85	34,10
Castilla e León	10,34	26,91
Asturias	10,46	21,27
Aragón	10,76	25,02
Madrid	11,38	26,17
Total	13,73	30,89
Canarias	14,74	30,70
Cataluña	14,77	31,90
Comunidade Valenciana	14,99	31,94
Castilla A Mancha	16,64	34,65
Andalucía	16,86	37,19
Baleares	18,03	40,33
Murcia	19,22	36,80
Melilla	20,41	36,70
Ceuta	21,21	34,10



SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)



RESULTADOS

»» PISA 2022

PISA

	ESPAÑA	GALICIA	OCDE
CIENCIAS	485	506	485
LECTURA	474	485	476
MATEMÁTICAS	473	486	472





SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Identidade propia: calidade,
equidade e inclusión

DATOS DE CONTEXTO (CURSO 2024/25)




RESULTADOS

» Taxa de idoneidade aos 15 anos **78,8%** (media España 75,5%).

» Taxa bruta de graduación en ESO **86.2%**.

Tasa de idoneidad⁽¹⁾ a los 12 y a los 15 años, por comunidad autónoma. Curso 2021-2022





DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional e básico á educación

“m) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación,
o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.”

– *LOE Art. 1. Principios*



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



R.D. Lexislativo 5/2015 do EBEP



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia



Art. 6: Aplícase a persoal docente salvo no relativo á carreira profesional e promoción interna, as retribucións complementarias e a mobilidade voluntaria entre administracións.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia. Art. 74: Deberes e código de conduta:

- a. Respetar a Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico.
- b. Basear a súa conduta no **respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir algunha discriminación** por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Perseguir coa súa actuación a **satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns**, polo cal a dita actuación se fundamentará en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e ao interese común, **á marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares** ou calquera outra que poida colidir con este principio.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia. Art. 74: Deberes e código de conduta:

- d. Exercer as súas atribucións segundo o **principio de dedicación ao servizo público**, absténdose non só de condutas contrarias a este, senón tamén de calquera outra que comprometa a **neutralidade no exercicio dos servizos públicos**.
- e. **Absterse naqueles asuntos en que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese** que poida supoñer un risco de xerar conflitos de intereses co seu posto público, e, en particular, non contraer obrigas económicas nin intervir en operacións financeiras, obrigas patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de intereses coas obrigas do seu posto público.
- f. **Non aceptar ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada**, por parte de persoas físicas ou entidades privadas, e, en particular, rexeitar calquera regalo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis alá dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código penal.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia. Art. 74: Deberes e código de conduta:

- g. Non influír na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen causa xusta**, e en ningún caso cando iso comporte un privilexio en beneficio dos titulares dos cargos públicos ou no seu contorno familiar e social inmediato ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.
- h. Axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración pública na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns.**
- i. Tratar con atención e respecto os cidadáns, os seus superiores e os restantes empregados públicos.**
- j. Desempeñar con **dilixencia** as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden, resolvendo, de ser o caso, os procedementos ou expedientes da súa competencia dentro de prazo e cumprindo a xornada e o horario establecidos.**



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia. Art. 74: Deberes e código de conduta:

- k. Actuar de acordo cos **principios de eficacia, economía e eficiencia e vixiar a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.**
- l. **Obedecer as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico,** debendo, en tal caso, poñelas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección correspondentes.
- m. **Administrar os recursos e bens públicos con austeridade** e non os utilizar en proveito propio ou de persoas achegadas, así como **velar pola súa conservación.**
- n. **Garantir a constancia e permanencia dos documentos** para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia. Art. 74: Deberes e código de conduta:

- o. Gardar segredo sobre as materias clasificadas e as demais de difusión prohibida legalmente, e manter a debida discreción** sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, o que implica non facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público
- p. Manter actualizada a súa formación e cualificación.**
- q. Observar as normas sobre seguridade e saúde laboral.**
- r. Poñer en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren axeitadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade en que estean destinados.** Para estes efectos, poderase prever regulamentariamente a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou cidadáns que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia. Art. 74: Deberes e código de conduta:

- s. **Informar os cidadáns** sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer e **facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.**
- t. **Garantir a atención aos cidadáns** na lingua oficial da Comunidade Autónoma de Galicia que soliciten.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA ADMINISTRATIVA



Procedemento administrativo: Leis 39 e 40/2015 e os seus desenvolvementos.



Normativa protección de menores: L.O. 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, L.O. 8/2021 de protección integral da infancia e a adolescencia fronte á violencia, etc.



Protección de Datos: RGPD, LOPDGDD, ENS...



Normativa en materia de igualdade e inclusión (incluída a Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade)



Outros: Normativa sobre contratos do sector público, etc



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA SECTORIAL



Leis e reglamentos educativos

- LODE 8/1985, Lei Orgánica 2/2006 de Educación... (a lei en vigor é a LOE)
- RDs e Decretos de currículo
- ROCs (Decretos, Ordes, Instrucións...), Órganos unipersoias e colexiados, de goberno e de participación
- At. Á diversidade e Convivencia (Leis, Decretos, Ordes, Instrucións e Protocolos)
- Autonomía pedagóxica: PEC, plans de centro, programación de aula...



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA SECTORIAL



LOE Art. 91. Funcións do profesorado:

- A **programación** e a **ensinanza** das áreas, materias, módulos ou ámbitos curriculares que teñan encomendados.
- A **avaliación** do proceso de aprendizaxe
- A **titoría** do alumnado, a dirección e a orientación do seu aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- A **orientación** educativa, académica e profesional do alumnado, en colaboración, no seu caso, cos servizos e departamentos especializados.
- A **atención** ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA SECTORIAL



LOE Art. 91. Funcións do profesorado:

- A **promoción, organización e participación nas actividades complementarias**, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun **clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade** para fomentar no alumnado os valores da cidadanía democrática e da cultura de paz.
- A **información periódica ás familias** sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e das súas fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- A **coordinación** das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



NORMATIVA SECTORIAL



LOE Art. 91. Funcións do profesorado:

- A **participación na actividade xeral do centro**.
- A **participación nos plans de avaliación** que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- A **investigación, a experimentación e a mellora continua** dos procesos de ensino correspondentes.



O profesorado realizará as funcións expresadas no apartado anterior baixo o principio de colaboración e traballo en equipo.



DOCENCIA E FUNCIÓN PÚBLICA

Garantir o dereito constitucional
e básico á educación

NORMATIVA FUNCIÓN PÚBLICA



CENTROS DOCENTES

PARTE DA ADMINISTRACIÓN




Natureza xurídica:

- os centros públicos son parte da administración da Xunta de Galicia con autonomía pedagóxica e certo grao de autonomía na xestión.




Materias con competencias concorrentes de distintas administracións:

- Xunta e administracións locais.



ESTRUTURA ORGÁNICA DA SXT



SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

ÓRGANO DIRECTIVO

SERVIZO DE COORDINACIÓN ESTRATÉXICA E INNOVACIÓN

VICESECRETARÍA XERAL

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E PRESUPUESTARIA

SERVIZO DE XESTIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES

SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO

SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO


SUBDIRECCIÓN XERAL DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTOS

SERVIZO DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS E XESTIÓN PATRIMONIAL


SERVIZO DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTOS

ASESORÍA XURÍDICA DE CULTURA

INTERVENCIÓN DELEGADA




ESTRUTURA ORGÁNICA DA SXT




PRINCIPAIS COMPETENCIAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN

- »» **Coordinación e xestión xeral** da Consellería e das súas relacións con outras Consellerías e institucións
- »» **Servizos educativos complementarios:** transporte, comedor...
- »» **Coordinación económica, administrativa, xurídica** e en materia de convenios, acordos e contratación
- »» **Xestión integral de obras e equipamentos**
- »» **Responsable de datos e da súa xestión, supervisión e explotación** tanto a nivel de datos persoais como estatístico e de investigación




ESTRUTURA ORGÁNICA DA SXT



PRINCIPAIS COMPETENCIAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN


- »» **Coordinación, asesoramento e seguimento de estratexias, plans e programas** para o impulso da transición dixital (en coordinación con outras unidades)
- »» **MUPEGA e Xunta Autonómica de Directores**
- »» **Coordinación e xestión de publicación**, incluídas as dixitais
- »» **Impulso da sustentabilidade, a inclusión e á promoción de estilos e hábitos de vida saudables**



ESTRATEGIAS DA CONSELLERÍA

PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓGICA

2030 *estratexia
educación
dixital* 2021-2022





**"La calidad de un sistema educativo
tiene como techo la calidad de sus docentes"**

**"Cómo hicieron los sistemas educativos con mejor
desempeño del mundo para alcanzar sus objetivos"**

McKinsey & Co. 2007



MOITAS GRAZAS E BO CURSO